

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016000	Compostela	Santiago de Compostela	2018/2019

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ARG	Artes gráficas	CMARG02	Preimpresión dixital	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0873	Ilustración vectorial	2018/2019	5	87	87
MPMP08_73	Ilustración	2018/2019	5	57	57
MPMP08_73	Rotulaxe	2018/2019	5	30	30

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA SOLEDAD CORUJO PEREIRO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Contextualización do contorno produtivo: A presente programación didáctica corresponde ao módulo formativo Ilustración Vectorial do Ciclo Medio de Preimpresión Dixital que se imparte no CIFP Compostela, en Santiago de Compostela.

Na actualidade o CIFP Compostela conta con moitas empresas, que colaboran ou colaboraron acollendo estudantes para a realización do módulo de formación en centros de traballo (FCT). Dentro destas, temos empresas con actividades: editoriais, publicidade, deseño gráfico, prensa, talleres de preimpresión e imprentas. tipoloxía do alumnado:

A tipoloxía do alumnado é moi heteroxénea ao ter distintas procedencias xeográficas, normalmente nun entorno no que se mesturan a orixe rural e a urbana, e con distintas bagaxes culturais.

Espazos específicos para o ciclo: Taller dotado con 22 Pcs en rede cun servidor, canón de vídeo, pantalla, impresora Xeros docucolor 250 formato A3 con FierY, impresora laser Recursos online: O talleres do módulo dispoñen de internet.. (Os problemas de conexión fan que sexa pouco operativa).

Recursos bibliográficos: Biblioteca con máis de 100 títulos de Artes Gráficas.

Legislación: O Diario Oficial de Galicia do Luns, 26 de novembro de 2012, publicou o DECRETO 224/2012, do 18 de outubro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en preimpresión dixital.

Contextualización do módulo: O desenvolvemento deste módulo faise en 87 unidades lectivas de 60 minutos, distribuídas en 5 sesións semanais o longo do curso.

A industria do Papel e as Artes Gráficas en Galicia agrupa no 2005 un total de 1104 empresas, das que un 95% dedícanse a Edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados.

En canto a distribución provincial das empresas na comunidade galega, a maior parte dos locais están situados en A Coruña (47,17%), seguido en orde de importancia por Pontevedra (37,61%).

A acusada atomización das unidades produtivas do sector galego de artes gráficas, tratándose dunha actividade na que operan un elevado número de empresas pequenas.

Produtividade en termos monetarios no sector de artes gráficas galego inferior á rexistrada para o total da Industria, mentres que o crecemento de afiliación a Seguridade Social é superior a media galega dos últimos sete anos.

Polo que respecta o soporte tecnolóxico para o desenvolvemento da actividade gráfica o 67,1% das empresas que ofertan servizos de impresión utilizan tecnoloxía offset. A continuación sitúase a tecnoloxía dixital de pequeno formato cun (36%) e a de grande formato (26,7%). Cabe destacar tamén a importante utilización de serigrafía cun porcentaxe do 18,7%.

En canto as perspectivas destas tecnoloxías para os próximos anos, apreciase que, salvo no caso da serigrafía, máis do 40% das industrias teñen previsto aumentala súa actividade coas tecnoloxías que utilizan. No que respecta a tecnoloxía dixital máis do 70% das empresas que as empregan actualmente fórmulanse incrementar a súa actividade.

A comarca de Santiago de Compostela mantén porcentaxes similares en tódolos aspectos mencionados anteriormente para o sector en Galicia. É importante destacar que nesta comarca e nas limítrofes, está asentada unha porcentaxe moi elevada da poboación de Galicia e das empresas do



sector das Artes Gráficas.

No que respecta os principais soportes empregados seguen a ser os papeleiros, en tódalas súas variedades, os que representan o porcentaxe máis elevado, distinguíndose sectores como a imprenta comercial, o envase e o embalaxe.

Cobran cada día máis importancia os soportes non papeleiros, e así se pode apreciar en tódalas nosas comarcas de influencia onde se implantan cada vez máis empresas dedicadas a elaboración de produtos gráficos feitos con soportes non absorbentes como son os plásticos en tódalas súas variedades imprimibles. Tradicionalmente e asociada a industria conserveira ten moita importancia en Galicia o sector metalgráfico que traballa soportes metálicos.

Nas serigráficas, de ampla implantación nos arredores do centro, realízanse todo tipo de produtos gráficos en soportes téxtiles, plásticos, papel, vidro, etc..

Para tan ampla variedade de soportes e necesaria a utilización de unha ampla variedade de tintas de composición, propiedades e características moi distintas.

PERFIL PROFESIONAL

O perfil profesional deste técnico vai dirixido cara a realización das operacións necesarias para o tratamento, ensamblado, filmado de textos e imaxes e a obtención das formas impresoras, controlando e mantendo en primeiro nivel os equipos necesarios para obter os fotolitos e as formas impresoras coa calidade e os prazos establecidos.

Os postos de traballo que poderían ser desempeñados son no sector de artes gráficas, prensa, editorial, comunicación, relacións públicas, publicidade ou cualquier sector productivo onde as empresas requiran de un departamento de publicación de proxectos gráficos.

Realiza o seu traballo no departamento e oficinas de preimpresión levando a cabo tarefas de tratamento de textos e imaxes, ensamblaxe, filmado, trazado e distribución da obra que se vai imprimir, xunto ao mantemento e limpeza do material e equipamentos empregado nas mesmas.



3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	TIPOS DE ORIXINAIS PARA ILUSTRACIÓN VECTORIAL	Realización de orixinais de imaxes vectoriais,	7	8
2	TRATAMENTO DA IMAXE VECTORIAL. SOFTWARE.	Realizar ilustracións vectoriais	36	41
3	DE BIT A VECTOR	Realizar conversións de bits a vectores	7	8
4	INTEGRACION DIXITAL	Integrar elementos gráficos en ficheiros	7	9
5	ROTULAXE	Realización de diferentes rotulacións artísticas para realizar nos diferentes plotters, así como rotular espazos.	30	34



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	TIPOS DE ORIXINAIS PARA ILUSTRACIÓN VECTORIAL	7

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara os orixinais recibidos, para o que analiza as instrucións de reprodución, adaptando o seu contido e o seu formato ás esixencias de realización da ilustración vectorial.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Definíronse as características da ilustración vectorial, cunha correcta interpretación das instrucións do exercicio proposto.
CA1.2 Identificáronse os defectos dos orixinais físicos e deuse constancia no informe de incidencias correspondente.
CA1.3 Dixitalizáronse orixinais fotográficos, ilustracións e bosquejos recibidos, con determinación do seu tamaño, da resolución e do modo de cor necesarios para a súa utilización no proceso produtivo da ilustración vectorial.
CA1.4 Modificáronse os ficheiros dixitais para que cumpran os requisitos necesarios na realización da ilustración vectorial.
CA1.5 Determinouse o formato adecuado de almacenamento dos ficheiros tratados, en función do proceso produtivo.
CA1.6 Diferenciáronse as características das ilustracións en mapa de bits e vectoriais, e identificáronse os programas que as editan.
CA1.7 Identificouse a iluminación estándar aplicable a cabinas ou visores luminosos, coa súa temperatura de cor en kelvins.

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Editores de píxels e editores de obxectos. Diferenzas entre mapas de bits e vectores.</p> <p>Instrucións de reprodución: escala e factor de reprodución.</p> <p>Maqueta: características.</p> <p>Adecuación e tratamento de ficheiros dixitais.</p> <p>Formatos e procedementos de conversión entre programas vectoriais.</p> <p>Importación de ficheiros vectoriais.</p> <p>Iluminación estándar: normativa e cabinas ou visores luminosos.</p>



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	TRATAMENTO DA IMAXE VECTORIAL. SOFTWARE.	36

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza a ilustración vectorial aplicando técnicas de debuxo e calco dixital, para o que analiza a finalidade da imaxe e os equipamentos implicados na reprodución.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Aplícase a resolución de saída e o perfil de cor adecuados na ilustración vectorial, tendo en conta as características do produto gráfico e o sistema de reprodución.
CA2.2 Realízase o trazado da ilustración, utilizando adecuadamente as ferramentas básicas de debuxo e calco dixital do programa informático, directamente, a partir do bosquejo orixinal.
CA2.3 Aplícase correctamente a cor e o volume aos trazados e ás formas xeométricas creadas, e conseguíronse efectos de perspectiva, bidimensionais e tridimensionais, segundo as esixencias da ilustración que cumpra realizar.
CA2.4 Utilizáronse adecuadamente as ferramentas avanzadas de fusións, malla e pintura interactiva, así como efectos especiais e filtros.
CA2.5 Xeráronse gráficos e símbolos personalizados atendendo ás necesidades da ilustración que cumpra reproducir.
CA2.6 Aplícase o rebentamento e a sobreimpresión, adecuando os parámetros ao sistema de impresión que se vaia utilizar.
CA2.7 Operouse seguindo normas de seguridade para pantallas de visualización e normas ergonómicas na realización de tarefas.
CA2.8 Definíronse formas xeométricas básicas, calculando ángulos de xiro, reflexión e desprazamento, en relación coas posibilidades do programa de ilustración vectorial.
CA2.9 Definíronse os tipos de debuxo de perspectivas, en relación coas posibilidades do programa de ilustración vectorial.
CA2.10 Identificáronse formas de debuxo de volumes, en dúas e tres dimensións, en relación coas posibilidades do programa de ilustración vectorial.

4.2.e) Contidos

Contidos
Ordes de produción: características e interpretación.
Características e funcionamento do software de ilustración vectorial.
OPerspectiva nos programas vectoriais: paisaxismo, planos, etc.
Símbolos; ilustracións personalizadas: xeración, aplicación e usos nos programas vectoriais.
Gráficos xerados nos programas vectoriais: opcións de gráficas (eixes de valores).
Configuración da cor nas aplicacións vectoriais.
Ferramentas básicas de debuxo: formas xeométricas, liñas ou trazos e recheos.
Pluma: trazados e curvas Bézier. Puntos de áncora e manexadores.
Pintura interactiva: ferramenta avanzada de traballo vectorial.
Degradados nos programas vectoriais: xeración, tipos e aplicacións na ilustración vectorial.



Contidos

Tratamento do volume nos programas vectoriais: creación de volumes en dúas dimensións (obxectos, volumes simples, etiquetas, etc.) e en tres dimensións (caixas, embalaxes, ilustracións complexas, etc.), e volumes avanzados (ferramenta de malla).

Configuración da cor nas aplicacións vectoriais: axustes de cor (espazos de traballo e normas para a xestión da cor).

Aplicación da cor nos programas vectoriais: tintas planas, escalas de grises, cuatricromías, cores especiais, troquelaxe e fendedura, cores rexistro e cartas de cores.



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	DE BIT A VECTOR	7

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Transforma imaxes de mapa de bits en vectores, utilizando ferramentas específicas, e identifica as características da ilustración.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Axustouse o tamaño, a resolución e a cor da imaxe previamente á súa importación, e conseguiuase unha adecuada vectorización no programa vectorial, segundo as características da ilustración que se vaia realizar.
CA3.2 Determinouse o formato de exportación máis adecuado das imaxes, que facilite a súa vectorización e a reprodución na ilustración vectorial.
CA3.3 Establecéronse os parámetros de vectorización adecuados, con indicación do modo de cor, os axustes e o tipo de trazado, así como o número de cores.
CA3.4 Realizouse a vectorización da imaxe utilizando as ferramentas específicas do programa vectorial.
CA3.5 Adecuáronse os trazados, as cores, os recheos e as proporcións da ilustración resultante, e obtívose unha correcta reprodución na ilustración final.
CA3.6 Realizáronse correccións e transformacións de cor na ilustración resultante, e conseguiuase a súa correcta integración na ilustración final.
CA3.7 Definiuse a resolución das imaxes en mapa de bits, en relación coa súa transformación en vectores.

4.3.e) Contidos

Contidos
Estilos.
Sobreimpresión e rebentamento.
Formatos na ilustración vectorial: nativo e formatos de exportación; xeración de ficheiros pdf.
Resolución das imaxes en mapa de bits.
Exportación de imaxes en mapas de bits.
Axustes e tratamento de cor das imaxes en mapa de bits nos programas vectoriais: modo de cor. Redimensionamentos.
Interpolación. Máscaras de recorte. Opacidade. Aplicación de filtros.
Vectorización de imaxes: parámetros de vectorización. Conversión e axustes dos trazados. Tratamento de trazados vectorizados.
Aplicación e tratamento da cor nas imaxes vectorizadas.
Simplificación de trazados.



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	INTEGRACION DIXITAL	7

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Integra e modifica elementos dixitais doutras aplicacións (gráficos estatísticos, debuxos e bases de datos), utilizando técnicas de importación e exportación de ficheiros.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Modificouse o tamaño, a cor e a resolución dos ficheiros dixitais tendo en conta as características da ilustración vectorial que se vaia reproducir e o sistema de impresión especificado.
CA4.2 Adecuáronse os elementos dixitais importados aplicando transformacións, máscaras, efectos, filtros e fusións necesarias para a súa correcta integración no debuxo vectorial.
CA4.3 Adaptouse a imaxe vectorial co acabado tendo en conta, de ser o caso, a troquelaxe, o encartamento e a fendedura.
CA4.4 Aplicáronse correctamente á ilustración final as medidas de control, cruces de rexistro e marcas de corte necesarias para a súa correcta reprodución.
CA4.5 Verificouse en pantalla que as separacións de cores xeradas pola ilustración sexan correctas.
CA4.6 Identificáronse os tipos de formatos de exportación e importación de ficheiros, analizando a súa compatibilidade e integración no programa vectorial.
CA4.7 Definíronse as características do sistema de impresión co que se vaia reproducir a ilustración vectorial.

4.4.e) Contidos

Contidos
Táboas dixitalizadoras: uso nos programas vectoriais.
Importación de elementos dixitais: gráficos estatísticos. Organización e formas. Inserción e adecuación de gráficos. Formatos nativos: compatibilidades. Formatos de importación de ficheiros: características e usos. Integración dos ficheiros importados: re
Tratamento de imaxes dixitais nos programas vectoriais: características, modos de cor, opacidade, transformacións, efectos e filtros.
Rasterización de ilustracións vectoriais: opcións.
Formatos de exportación.
Características das imaxes para a web: resolución, formatos e cores compatibles.
Compatibilidade da troquelaxe, o encartamento e a fendedura coa ilustración vectorial.
Parámetros de impresión e produción de separacións de cor.
Máscaras: xeración e aplicacións na ilustración vectorial.
Bibliotecas de imaxes vectoriais: utilización; clip-arts.



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	ROTULAXE	30

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Modifica textos coas ferramentas de trazado e texto, aplicando características de deseño tipográfico e determinando os efectos necesarios para a súa correcta reprodución na ilustración.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Creáronse os textos coas ferramentas adecuadas do programa de ilustración vectorial, aplicando o tamaño e a cor requiridos pola ilustración.
CA1.2 Aplicáronse filtros, máscaras e efectos especiais nos textos, e integráronse co resto de elementos que compoñen a ilustración vectorial.
CA1.3 Creáronse os trazados compostos, a partir de trazados e formas simples, xerando os textos artísticos que a ilustración requira.
CA1.4 Axustáronse os trazos e os recheos de cor dos textos xerados, eliminando puntos superfluos e simplificando os degradados, para facilitar a súa reprodución no plotter de corte.
CA1.5 Definíronse as características de reprodución dos textos nos plotters de corte, establecendo os parámetros adecuados para que teñan unha correcta lexibilidade.
CA1.6 Definiuse a rotulaxe como sistema de impresión e comprendeuse a súa relación cos textos xerados no programa vectorial.

4.5.e) Contidos

Contidos
Fontes tipográficas de contorno e postscript.
0Rotulaxe e textos vectorizados.
Preparación dos textos para a súa reprodución: simplificación dos trazados.
Rotulaxe: características e materiais máis usuais.
Plotter de corte: características e funcionamento.
Fontes de símbolos.
Pictogramas.
Xestores de fontes: necesidade e utilización.
Ferramenta de textos: opcións de textos en áreas e usos. Vinculación de obxectos de texto.
Creación de textos artísticos: trazados compostos (logotipos); degradados e opacidades; deformacións nos textos; efectos especiais.
Unión de textos a trazados: opcións (efectos e aliñamento).
Vectorización de textos: conceptos básicos (sobreimpresión).
Lexibilidade nos textos vectoriais e os sistemas de impresión.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MINIMOS EXIXIBLES:

Os que aparecen no punto 4 C desta programación

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

-O 50% da cualificación será a obtida dun examen práctico. Será necesario acadar o 50% para poder facer media co examen teórico.

-O 20% Un exame teórico. A cualificación será obtida a través de probas escritas tipo test ou desenrolo de preguntas ou temas. Será necesario acadar o 50% para facer media co examen práctico.

-O 30% Traballos realizados en clase, así como actitude. Deberanse ter entregados todos os traballos de clase para que podan puntuar.

Os alumnos/as que non superen o módulo no periodo ordinario, contan cun periodo de recuperación de marzo a xuño.

Neste periodo deberán facer as actividades de recuperación propostas dos RA non superados, ademais das correspondentes probas prácticas e escritas.

Os alumnos/as de PD deben facer unha proba teórica e práctica en marzo, donde teñen que demostrar os mínimos exixidos nesta programación. A proba teórica terá un peso do 40%, sendo necesario acadar o 50% da mesma para facer media ca proba práctica. E unha proba práctica que terá un peso do 60%, e sendo necesario acadar o 50% para sumar coa proba teórica.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

A programación didáctica adaptárase ás necesidades do alumnado. O profesor coordinará a programación e realizará o seguimento diario da súa aplicación, especialmente nos exercicios ou cuestións prantexadas. Tamén terase en conta as observacións que o resto de docentes fagan nas reunións de ciclo e/ou nas sesións de avaliación.

Terase en conta o tratamento da diversidade do alumnado con respecto os diferentes ritmos de aprendizaxe que desenvolve cada alumno/a e ofrécense os recursos básicos coa fin de facilitar as aprendizaxes dos alumnos/as en función das súas necesidades concretas.

Proporase dúas actividades individuais, secuenciadas no tempo para acadar os obxectivos dentro de cada unha das unidades didácticas:

- A primeira, común a realizará o docente, é realizará unha práctica con fin de asimilar os contidos e desenvolver as destrezas mínimas da unidade didáctica.

-A segunda a realizará o alumno ata acadar os contidos mínimos:

¿No caso de acadar os mínimos esixidos, poderán realizar outro exercicio máis complexo para profundizar nos coñecementos.

¿Os alumnos/as que non alcanzaron os contidos mínimos ao mesmo tempo que os anteriores, terán que realizar outro exercicio cos contidos máis

detallados, recalcando aqueles conceptos menos claros, e se é posible incluíndo exemplos do contorno (aula, centro, casa...) para que o alumno/a sexa capaz de conseguir o fin proposto.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos que perdan a avaliación continua terán dereito a un sistema extraordinario de avaliación, composto por unha ou varias probas, que se desenvolverán en varias sesións ou días ,no que se comprobara si o alumno alcanzou a totalidade das capacidades propostas na programación.

Este sistema extraordinario de avaliación realizarase antes da sesión de avaliación final.

O exame teórico computará un 30% da nota final.

O exame práctico computará un 70% da notafinal.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A avaliación da programación farase segundo se establece na orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e entregaráse unha memoria final de curso.

O profesor docente do módulo será o encargado de facer o seguimento, entregando unha copia o xefe de departamento correspondente para o seu análise e verificación.

Para elo utilizaráse o modelo MD.75.PRO.03 do procedemento de Programación PR.75.PRO.01 que se entregará a xefatura de departamento, xa que dito seguimento e revisión deberá constar nas correspondentes actas de departamento.

Para a memoria final utilizaremos o modelo proporcionado pola xefatura de estudos ao final de curso. MD.75.PRO.04 do procedemento de Programación PR.75.PRO.01

Para o seguimento mensual utilizaráse o modelo MD.75.PRO.03 do procedemento de Programación PR.75.PRO.01 que se entregará a xefatura de departamento, xa que dito seguimento e revisión deberá constar nas correspondentes actas de departamento.

Para a memoria final utilizaremos o modelo proporcionado pola xefatura de estudos ao final de curso. MD.75.PRO.04 do procedemento de Programación PR.75.PRO.01

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O inicio do curso farase unha proba escrita individual que permita obter datos respecto á situación previa e intentar detectar algunha dificultade no alumno/a.

O longo dos módulos e antes do inicio de cada un deles verase o punto de partida do alumnado cara a ese novo módulo, ven mediante unha proba escrita, ven observando as capacidades do alumnado ou mediante coloquio-entrevista.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

MEDIDAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NA AULA

A Lomce, no Título II, Capítulo I ¿Alumnado con necesidade específica de apoio educativo¿, indica a atención a alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades de aprendizaxe, TDAH, por altas capacidades intelectuais, por incorporación tardía ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu art.3: ¿enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a desposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos de aprendizaxe, motivación, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado; e no art. 7: ¿enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha desposta axustada ás necesidades educativas do alumnado¿. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e recóllense no Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro.

Así, as medidas ordinarias de atención á diversidade, segundo o Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro, e cando as circunstancias o requiran, serán en xeral:

a) Adecuación da estrutura organizativa da aula:

¿ Favorecerase a integración social do alumnado na aula e no centro.

¿ O alumno/a estará situado nun lugar próximo ao profesor, para favorecer a súa atención e mellor comprensión das explicacións.

b) Adecuacións das programacións didácticas:

¿ Procurarase que o alumno/a reciba os contidos dos temas antes de ser explicados na aula.

¿ Comprobarase si o alumno/a entende a explicación, preguntando ao grupo en xeral e en particular ao alumno/a que non pregunte.

c) Adoptar metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos.

d) Adaptar os tempos e os instrumentos ou procedementos de avaliación:

¿ Nas tarefas habituais da aula e de xeito especial nas avaliacións, contemplarase a posibilidade de flexibilizar o tempo e/ou os espazos, favorecendo o remate das tarefas.

e) Outras medidas educativas de atención á diversidade que poidan beneficiar ao alumno/a no seu proceso de aprendizaxe, tendo en conta as necesidades e características de cada caso en particular.



9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Entre os contidos da programación hai temas indispensables para a formación de profesionais, pero sobre todo, debe de haber actitudes e valores. Trátase de que os alumnos reflexionen sobre valores humanos esenciais e compartan as súas ideas cos seus compañeiros, amigos, profesores,...

A educación en valores comprende unha serie de ensinanzas que se deberán apoiar, facendo incapé no fomento de actitudes de respecto ás diferenzas individuais, é básico que nos equipos de traballo se potencie un ambiente de cordialidade e cooperación, preservando as diferenzas culturais dos individuos. Esta educación en valores pode abarcar os seguintes ámbitos:

Educación Moral e Cívica.

Educación para a Paz.

Educación para a Saúde.

Educación Sexual.

Educación Ambiental.

Educación do Consumidor.

-Educación Vial.

-Educación para a Igualdade de oportunidades entre os sexos.

-Educación de non Discriminación por sexo, raza ou relixión.

O longo do curso potenciaranse os ámbitos anteriormente sinalados, ben mediante debates, ben con exemplos, co visionado dalgunha película, con presentacións PPS, etc...

Como medida de integración cara os inmigrantes, visionarase a curtametraxe *¿Gato encerrado¿*, seleccionei esta animación por tres cuestións: a idade dos alumnos, a calidade e as solución de deseño, e a temática da obra.

-Con anterioridade á proxección o profesor presentará a película en relación a dous criterios:

-Valor cinematográfico: información sobre a directora, a trama, o deseño, características da rodaxe, etc...

-Valores e actitudes nos que os alumnos deberán prestar una maior atención durante a proxección, e que logo serán analizados e debatidos.

Neste punto comentarase na aula a película, dirixindo o curso do debate cara os seguintes temas e finalidades:

-Nivel de comprensión da película.

-Análise das diferentes solucións de deseño.

-Diferenzas culturais, diferenzas de oportunidades, necesidade de emigrar, recoñecemento do noso pasado de terra de emigrantes,..



9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Novembro	Visita a empresas offset, dixitais e de preimpresión en Santiago de Compostela (Museo do Pobo Galego (AAGG-, Brandía e Tórculo)
Decembro	Visita a empresas offset, dixitais e de preimpresión en Galicia (Uniter e Coreti)
Xaneiro	Visita a empresas flexográficas e serigráficas en Galicia (Valver, Flexgal, Etilaher e Playdesa)
Febreiro	Visita Feira de Artes Gráficas (PortugalPrint, 14-16 febreiro) e Multitema (Porto)
Marzo	Visita Feira de Artes Gráficas (Graphispag, 26-29 de marzo) e empresas do sector en Barcelona
Abril	Visita a empresas en Asturias (Morés)

10.Outros apartados

10.1) Módulo profesional: ilustración vectorial

_ Código: MP0873.

_ Duración: 87 horas.

Na primeira semana realizase un cuestionario da avaliación inicial, que logo se eleva a reunión de avaliación inicial.